

**REUNIÓN DA DEPUTACIÓN
PERMANENTE**

Día: 13.05.2020 Hora: 10:00

A Presidencia, logo da solicitude formulada no doc. núm. 64169, resolveu convocar a Deputación Permanente para o día 13 de maio de 2020, ás 10:00 horas, coa seguinte orde do día:

Punto 1. Comparecencia

64141 (10/SCDP-000016)

do señor conselleiro de Cultura e Turismo, a petición propia, para dar conta do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19.

Publicación da iniciativa BOPG núm. 629, do 08-05-2020

Punto 2. Preguntas

2.1

63905 (10/PODP-007681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do tratamento da información na CRTVG durante a pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa BOPG núm. 627, do 30-04-2020

2.2

64122 (10/PODP-007766)

Grupo Parlamentario PODPular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da coordinación no Centro de Coordinación Operativa das actuacións da Administración autonómica, do mando único estatal e das entidades locais galegas durante a emerxencia sanitaria provocada pola covid-19

Publicación da iniciativa BOPG núm. 629, do 08-05-2020

2.3

64006 (10/PODP-007704)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns polas que o Goberno galego non ten posto en funcionamento axudas directas a autónomos que tiveron que pechar as súas actividades por mor da crise sanitaria

Publicación da iniciativa BOPG núm. 629, do 08-05-2020

2.4

64125 (10/PODP-007769)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da actuación do Goberno central en relación á situación das industrias electrointensivas

Publicación da iniciativa BOPG núm. 629, do 08-05-2020



- 2.5 63970 e c.e 64168 (10/PODP-007696)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as previsións do Goberno galego ante posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus SARS-CoV-2 tanto en termo inmediato como nunha segunda onda de contaxios
Publicación da iniciativa BOPG núm. 627, do 30-04-2020, e 629, do 08-05-2020
- 2.6 63835 (10/PODP-007663)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e 2 máis
Sobre a actuación inspectora e sancionadora da Xunta de Galicia nos centros de atención a maiores nos últimos anos
Publicación da iniciativa BOPG núm. 627, do 30-04-2020
- 2.7 63877 (10/PODP-007673)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o Goberno galego nas residencias de maiores por mor da pandemia da covid-19
Publicación da iniciativa BOPG núm. 627, do 30-04-2020
- 2.8 63907 (10/PODP-007682)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre o impacto do coronavirus nas residencias de maiores na comunidade autónoma de Galicia
Publicación da iniciativa BOPG núm. 627, do 30-04-2020
- 2.9 64140 (10/PODP-007782)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 7 máis
Sobre os fondos cos que contará a Xunta de Galicia neste exercicio para xestionar o tramo autonómico das subvencións a entidades sociais con cargo ao 0,7% social do IRPF
Publicación da iniciativa BOPG núm. 629, do 08-05-2020

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

Miguel Ángel
Santalices Vieira,
Presidente

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices
Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel
Santalices Vieira, Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentod
egalicia.es
Fecha: 2020.05.08 14:39:02 +0200'





Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 08/05/2020 14:39:02



RELACIÓN DE MEMBROS DE DEPUTACIÓN PERMANENTE

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Miguel Ángel Santalices Vieira

P

Vicepresidente

Diego Calvo Pouso

P

Secretaria

Noela Blanco Rodríguez

S

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

Raquel Arias Rodríguez

P

Moisés Blanco Paradelo

P

Gonzalo Caballero Miguez

S

Francisco José Conde López

P

María de los Ángeles Cuña Bóveda

GCE

Alberto Núñez Feijóo

P

Ana Belén Pontón Mondelo

BNG

Paula Prado del Río

P

Pedro Puy Fraga

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Alfonso Rueda Valenzuela

P

Antón Sánchez García

GCE

Carmen Santos Queiruga

GCE

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Gonzalo Trenor López

P

Patricia Vilán Lorenzo

S

Luis Villares Naveira

M

Deputación Permanente (suplentes)

Xosé Luís Bará Torres	BNG
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	GCE
Luca Chao Pérez	GCE
Teresa Egerique Mosquera	P
José González Vázquez	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Alberto Pazos Couñago	P
María Teresa Porritt Lueiro	S
María Montserrat Prado Cores	BNG
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Rosa María Quintana Carballo	P
José Manuel Rey Varela	P
Marta Rodríguez Arias	P
David Rodríguez Estévez	M
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Julio Torrado Quintela	S
Sandra Vázquez Domínguez	P
Daniel Vega Pérez	P

Resolución da Presidencia, do 12 de maio de 2020, pola que se toma coñecemento das delegacións de voto de deputadas e deputados que forman parte da Deputación Permanente

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tiveron entrada as delegacións de voto de deputadas e deputados que forman parte da Deputación Permanente que, a seguir, se relacionan:

De D^a Carmen Santos Queiruga en D^a. Ánxeles Cuña Bóveda (doc. núm. 64188)
De D^a Patricia Vilán Lorenzo en D. Julio Torrado Quintela (doc. núm. 64190)

A Presidencia, en uso da delegación de competencias outorgada pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia na súa reunión do 14 de febreiro de 2020 (BOPG núm. 608, do 18 de febreiro de 2020), resolve:

1. Admitir a trámite as citadas delegacións de voto.
2. Darlles traslado dos documentos á Deputación Permanente e aos portavoces dos grupos parlamentarios.
3. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa da Deputación Permanente que teña lugar.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Ángel
Santalices Vieira,
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Miguel Ángel Santalices Vieira,
Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.05.12 14:21:43 +02'00'

Deputación Permanente
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Sr. portavoz do G.P. Grupo Común da Esquerda
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Sr. Portavoz do G.P. Mixto
Mesa da Deputación Permanente





Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 12/05/2020 14:21:43



Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

1. 64141(10/SCDP-000016)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Solicitude convocatoria da Deputación Permanente para que se proceda a comparecencia do conselleiro de Cultura e Turismo para dar conta do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19.

En virtude das facultades que lle confire o artigo 56, punto 4 do Regulamento do Parlamento de Galicia, solicítolle a comparecencia a petición propia -ante a Deputación permanente- do conselleiro de Cultura e Turismo *ao obxecto de dar conta do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados do Covid-19.*

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2020 09:50:07
Nº Registro: 64141
Data envío: 07/05/2020 09:50:07.768



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/05/2020 9:49:35

CSV REGISTRO de OUTROS
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>



Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2. Preguntas orais

Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 63905(10/POP-007681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Elvarex Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do tratamento da información na CRTVG durante a pandemia da covid-19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 63905
Data envío: 22/04/2020 19:57:33.215

Á Mesa da Deputación Permanente

Noela Blanco Rodríguez e **Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

Ao igual que o levan facendo dende hai xa 100 venres negros os e as profesionais dos medios de comunicación públicos galegos, os grupos da oposición, e en concreto o PSdeG, denunciámos nestes últimos anos que a CRTVG está a vivir un preocupante deterioro, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, consecuencia da manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais, que se emiten ao longo do día.

Se de maneira xeral consideramos que a radiotelevisión pública galega, é vital para o mantemento do espazo público democrático, e o reforzamento da identidade do pobo galego; cremos que na situación de alarma sanitaria máis grave da historia democrática do noso país na que nos atopamos, é máis necesario ca nunca que a CRTVG cumpra coa misión de servizo público garantindo unha información de proximidade que respecte os principios de pluralidade, imparcialidade, neutralidade e veracidade informativa. Mais a realidade é que dende que comezou o estado de alarma, a manipulación informativa e o control político dos medios de comunicación públicos galegos intensificouse ata niveis escandalosos, cun acaparamento dos telexornais por parte do señor Feijoo mentres se silencian as declaracións dos partidos da oposición e os debates que teñen lugar na Deputación Permanente do Parlamento de Galicia.

Ante esta situación, todos os grupos parlamentarios da oposición asinaban un comunicado que fixeron público o pasado 3 abril no que amosaban “o seu firme desacordo coa situación orixinada”, e “solicitaban á Dirección da CRTVG que actúe con responsabilidade de país, tendo en conta que se debe ao pobo galego e non a intereses partidistas do PP”, e no que manifestaban tamén “o seu apoio a todos os traballadores e traballadoras da corporación de medios públicos galegos, que tentan facer o seu labor con profesionalidade e rigor”.

CSM-REXISTRO DE PREGUNTAS
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 63905
Data envío: 22/04/2020 19:57:33.215

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das denuncias sobre manipulación informativa na CRTVG durante a pandemia do COVID-19?

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2020

Asdo: Noela Blanco Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 22/04/2020 19:42:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/04/2020 19:42:40



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 64122(10/POP-007766)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da coordinación no Centro de Coordinación Operativa das actuacións da Administración autonómica, do mando único estatal e das entidades locais galegas durante a emerxencia sanitaria provocada pola covid-19

Á Mesa da Deputación Permanente

Paula Prado del Río, Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Gonzalo Trénor López, Cristina Romero Fernández e José Manuel Rey Varela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Deputación Permanente.

Exposición de motivos

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, establece no seu artigo 36.1 que, cando a situación de perigo ou os danos ocorridos sexan, pola súa especial extensión ou intensidade, particularmente graves, o Consello da Xunta, a solicitude da persoa titular da consellería competente en materia de protección civil, poderá acordar a declaración de emerxencia de interese galego.

Ante a evolución da situación en Galicia que motivou a declaración da emerxencia sanitaria a causa do COVID-19, o Consello da Xunta activou o 13/03/2020, o Plan territorial de emerxencias de Galicia no seu nivel de interese galego, o que implicaba a consecución de todas as actividades de emerxencia polo titular da Presidencia da Xunta de Galicia. Así mesmo, a activación do Plan implicou a constitución do Centro de Coordinación Operativa do Plan no que se integra o Delegado do Goberno en Galicia.

Tal e como se indica no Plan, o CECOP se constitúe como o órgano donde se recibe a información e donde se realiza a dirección e coordinación de todas as operacións





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 64122
Data envío: 06/05/2020 14:05:31.614**

propias do PLATERGA, a xestión de todos os medios e a coordinación entre plans de distinto nivel, constituíndo o posto de mando do Director do Plan.

Posteriormente o Goberno da nación, a través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da coordinación no CECOP das actuacións da administración autonómica, do Mando Único estatal e das entidades locais galegas durante a emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 06/05/2020 14:02:14

Pedro Puy Fraga na data 06/05/2020 14:02:30

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/05/2020 14:02:46

Raquel Arias Rodríguez na data 06/05/2020 14:03:05

Moisés Blanco Paradelo na data 06/05/2020 14:03:32

Gonzalo Trenor López na data 06/05/2020 14:03:45

Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/05/2020 14:03:56

José Manuel Rey Varela na data 06/05/2020 14:04:10



CSV: REXISTRO06GallPR06M6
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2.3 64006(10/POP-007704)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns polas que o Goberno galego non ten posto en funcionamento axudas directas a autónomos que tiveron que pechar as súas actividades por mor da crise sanitaria

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2020 13:29:59
Nº Rexistro: 64006
Data envío: 27/04/2020 13:29:59.474

Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

Luca Chao Pérez, deputada do O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral** na Deputación Permanente.

O sector servizos, e máis concretamente as actividades comerciais e turísticas, son pezas crave na economía galega, cunha importante achega en materia de creación de riqueza e emprego que van sufrir, especialmente, as consecuencias da crise sanitaria.

O cese actual destas actividades xerado pola crise sanitaria obriga a desenvolver, de maneira urxente, medidas de apoio por parte da Xunta de Galicia, tal e como están facendo o resto de gobernos autonómicos do Estado, que non só atendan ás necesidades conxunturais de empresas, autónomos/as e traballadores/as, senón a establecer as garantías de continuidade destas actividades nas mellores condicións posibles fronte ás dificultades que previsiblemente terán lugar na fase de recuperación post-crise, así como a sentar as bases para o avance cara a un modelo sectorial baseado en criterios de cooperación e sustentabilidade.

Polo anterior, preséntase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Deputación Permanente:

CSM-REXISTRODEPREGUNTS
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2020 13:29:59
Nº Rexistro: 64006
Data envío: 27/04/2020 13:29:59.474

- Por que o Goberno galego non ten posto en funcionamento axudas directas a autónomos que tiveron que pechar as súas actividades por mor da crise sanitaria?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/04/2020 12:59:00

CSX4 REXISTROD05FFc2g3q9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2.4 64125(10/POP-007769)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da actuación do Goberno central en relación coa situación das industrias electrointensivas

Á Mesa da Deputación Permanente

Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Paula Prado del Río, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Gonzalo Trénor López e Cristina Romero Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Deputación Permanente.

Exposición de motivos

Desde hai meses, as industrias electrointensivas galegas, que supoñen máis de 5.000 empregos directos na Comunidade, atópanse nunha situación límite debido á deixadez do Goberno central. Estas empresas agardaban do Goberno un estatuto electrointensivo que garantise un prezo da electricidade competitivo que garanta o mantemento da súa actividade.

Mediado o pasado mes de febreiro, o Goberno presentou un primeiro borrador de texto do agardado estatuto arredor do que se fraguou un consenso, entre empresas e traballadores, sobre a idea de que resultaba totalmente insuficiente para conseguir un prezo axeitado da electricidade para manter a viabilidade desta industria.

Partindo desta premisa, a Xunta de Galicia, o Principado de Asturias e o Goberno de Cantabria pactaron unha serie de alegacións comúns ao documento, tamén acordadas co sector, coas que demostraron que non se trataba dunha reivindicación partidista, senón da defensa dos intereses económicos e do emprego das diferentes autonomías. Pola súa banda, o Goberno central optou por un silencio que, de facto, foi unha negativa a incorporar estas recomendacións.

A crise económica provocada polo parón de produción a causa da Covid-19 non fixo senón agravar esta situación, co impacto económico que iso supón para as comarcas nas que están radicadas, para o emprego e para a produción industrial de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a actuación do Goberno central en relación á situación das industrias electrointensivas?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2020





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 64125
Data envío: 06/05/2020 14:15:56.828

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/05/2020 14:13:01

Marta Novoa Iglesias na data 06/05/2020 14:13:20

Pedro Puy Fraga na data 06/05/2020 14:13:38

Paula Prado Del Río na data 06/05/2020 14:13:53

Raquel Arias Rodríguez na data 06/05/2020 14:14:09

Moisés Blanco Paradelo na data 06/05/2020 14:14:30

Gonzalo Trenor López na data 06/05/2020 14:14:43

Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/05/2020 14:14:54



CSV REGISTRO XERAL ENTRADA
Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2.5 63970(10/POP-007696)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego ante posibles
escenarios próximos na evolución de contaxios do virus SARS-
CoV-2 tanto en termo inmediato como nunha segunda onda de
contaxios.

(Corrección de erros Doc. n.ºm. 64168)

Publicación corrección BOPG 631 do 12.05.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2020 13:33:28
Nº Rexistro: 63970
Data envío: 24/04/2020 13:33:28.186

Á Mesa da Deputación Permanente

Julio Torrado Quintela e **Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

A evolución da pandemia provocada polo coronavirus vén obrigando a que os esforzos, como é natural, estean centrados na maior parte en confrontar de maneira directa os impactos do virus a efectos sanitarios e sociais. Non en tanto, os distintos gobernos da administración están xa tratando as posibilidades da desescalada das medidas e a previsión dos escenarios de futuro próximo que deberemos afrontar.

En numerosas ocasións os especialistas teñen debatido sobre a posibilidade de facer este proceso diferenciado por territorios (non necesariamente asimiladas a comunidades autónomas, incluso). Ante esta posibilidade, que de ser o caso podería afrontarse, os distintos gobernos deberan manexar escenarios de previsión futura de medidas e traballar con modelos de predición sobre evolución do virus, contaxios e o efecto sobre persoas e o sistema sanitario.

A situación de Galicia, co seu volume de contaxios, evolución do virus e situación do sistema sanitario, merece unha análise que permita entender o escenario futuro a corto, medio e longo prazo. Non en tanto o Goberno da Xunta de Galicia non ten transmitido de maneira pública, nin nas breves conversas co resto de representantes políticos, ningunha información a este respecto.

Unha preocupación existente está no efecto que unha segunda onda de contaxios puidera provocar, toda vez que a eliminación completa do virus é imposible e haberá que afrontar escenarios de novos contaxios, e posibles escaladas que serán precisas de confrontar.

CSM-REXISTROCODIN6Rdw28
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2020 13:33:28
Nº Registro: 63970
Data envío: 24/04/2020 13:33:28.186

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten o Goberno galego algunha previsión de posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus en termo inmediato? E previsión de efectos dunha segunda onda de contaxios?

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/04/2020 13:29:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/04/2020 13:30:00



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Á Mesa da Deputación Permanente

Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a esa Mesa a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro 63970, sobre as previsións do Goberno galego ante posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus SARS-CoV-2 tanto en termo inmediato como nunha segunda onda de contaxios.

Corrección de erros:

Na formulación da pregunta onde di:

“Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten o Goberno galego algunha previsión de posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus en termo inmediato? E previsión de efectos dunha segunda onda de contaxios?”

Debe dicir:

“Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten o Goberno galego algunha previsión de posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus en termo inmediato?”

Pazo do Parlamento, 08 de maio de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2020 11:16:15
Nº Rexistro: 64168
Data envío: 08/05/2020 11:16:15.523

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2020 11:15:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/05/2020 11:15:16

CSV: REXISTROJUPJPhm4v2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2.6 63835(10/POP-007663)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre a actuación inspectora e sancionadora da Xunta de Galicia nos centros de atención a maiores nos últimos anos

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2020 10:58:39
Nº Rexistro: 63835
Data envío: 20/04/2020 10:58:39.652

Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No ano 2017 o Consello de Contas publicou o “Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes” onde, entre as principais conclusións, se atopaban, por exemplo:

“Algunhas das incidencias detectadas nas actuacións de control nos centros residenciais, tamén recollidas nas actas da Inspección de Servizos Sociais, refírense a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente do ratio do persoal de atención directa e a non diferenciación de funcións por categorías profesionais; uso inadecuado das instalacións; deficiencias nos protocolos de funcionamento; falta de rigor dos rexistros; e non actualización dos datos do RUEPPS. Apareciuse que, a pesar de que nos casos nos que as irregularidades observadas non se corrixiron, non se iniciaron expedientes sancionadores”

“Apreciáronse diferenzas no ratio de persoal de atención directa entre os centros xestionados con medios propios e os xestionados externamente, resultando unha media dun 9% superior nos primeiros. A diferenza no ratio de persoal de atención directa é un factor que pode repercutir na calidade do servizo, e tamén na valoración outorgada á calidade polos residentes e familiares.”

Por iso, entre as recomendacións se atopaba, por exemplo:

“A incorporación de novos centros residenciais ao sistema debe acompañarse dun

CSM-REXISTRO-UNIFICADO
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2020 10:58:39
Nº Rexistro: 63835
Data envío: 20/04/2020 10:58:39.652

incremento do número de efectivos da Inspección de Servizos que reforcen a vixilancia. O reforzamento da labor inspectora debe dirixirse a vixiar os incumprimentos da normativa ou estándares de calidade esixidos, adoptando as medidas correctoras e sancionadoras que sexan precisas.”

As familias dos usuarios e as traballadoras seguiron denunciando ditos incumprimentos e o Goberno galego seguiu mirando cara outro lado, o que dificultou enormemente a loita contra o coronavirus nestas semanas polo déficit de persoal e medios sanitarios.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta:

- Mudou algo a Xunta de Galicia na actuación inspectora e sancionadora nos Centros de atención a maiores nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Ánxeles Cuña Bóveda

Carmen Santos Queiruga

Voceiro e deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2020 10:58:39
Nº Rexistro: 63835
Data envío: 20/04/2020 10:58:39.652

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 20/04/2020 10:50:29

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/04/2020 10:50:51

Carmen Santos Queiruga na data 20/04/2020 10:51:28

CSV REXISTRO DE ASINATURAS
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2.7 63877(10/POP-007673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o Goberno galego nas residencias de maiores por mor da pandemia da covid-19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2020 12:12:51
Nº Rexistro: 63877
Data envío: 22/04/2020 12:12:51.229

Á Mesa da Deputación Permanente

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, relativa ás accións a realizar nas residencias de maiores por mor da pandemia da COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza temos unha poboación máis envellecida que noutras partes do estado o 25% da poboación ten máis de 65 anos e, polo tanto, maior porcentaxe de poboación de risco:

Un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria derivada do COVID 19 e o das residencias de maiores e de persoas con diversidade funcional e que afecta tanto as persoas usuarias como ao persoal que se encarga da súa atención. A día de hoxe os datos das residencias de maiores son de arredor de 1.500 persoas infectadas e 204 falecidas.

A Xunta tivo días de vantaxe dado que en Galiza a crise sanitaria chegou con atraso en relación aos principais focos do Estado, a pesares diso perderon días valiosísimos sen actuar, sen anticiparse. E bo aprender dos erros, dos propios e dos que cometeron outros, que se viron afectados antes e con grande virulencia, e a nosa valoración é que as medidas adoptadas non foron as axeitadas, tomáronas tarde e seguen sen tomar algunhas que consideramos fundamentais.

CSM-REXISTRO:63877
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2020 12:12:51
Nº Rexistro: 63877
Data envío: 22/04/2020 12:12:51.229

Non é de recibo o que está a acontecer nas residencias de maiores de Galiza cun número de persoas falecidas que representa o 43.96% do todas as que se levan producido.

A Consellaría de Política Social está sendo unha consellaría ausente, sen que a tutela das residencias que presuntamente asumiron se converta nunha posición proactiva, senón ao contrario, só están a actuar cando se ven sobrepasados polos feitos.

Non podemos permitir que as persoas máis vulnerábeis da nosa sociedade os nosos maiores estean neste nivel de desprotección.

Detrás das estatísticas hai persoas con nome a apelidos, pais, nais, avoas, irmáns, que levan días vivindo en angustia permanente temendo polos seus familiares. Hai profesionais desbordados conscientes de que non están prestando unha atención de calidade, que non están facendo o traballo con garantías, e tamén con medo a contaxiar e a ser contaxiados. Familiares e profesionais que teñen presentado denuncias, até chegar á fiscalía.

Esta crise fixo emerxer con toda crueza a situación de deterioro, de recortes, de deficiencias... denunciadas até a saciedade. Un drama que se mostra agora mais que é anterior a esta pandemia. Un sector entregado á empresa privada, faltar de recursos e precarizado. Os servizos sociais convertidos nun negocio moi lucrativo, fundamentalmente para os grandes grupos de investimento estranxeiro, propietarios da maioría das empresas que controlan a atención social.

A Xunta coñecía as deficiencias de moitos destes centros porque así o denunciou o Consello de Contas nun informe e actas de inspección, pero antepuxo os intereses desas empresas, vinculas ao PP, ao interese das persoas residentes nelas.



CSV: REXISTROZp6cH3Ac7

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2020 12:12:51
Nº Registro: 63877
Data envío: 22/04/2020 12:12:51.229

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:

Coida o Goberno galego que realizou todas as accións precisas para protexer ás persoas maiores que viven en residencias fronte á pandemia da COVID-19?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2020

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2020 12:10:48

Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2020 12:10:55

Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2020 12:11:04

Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2020 12:11:12

CSX: FEXYSTROZp6cH3Acj7
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2.8 63907(10/POP-007682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o impacto do coronavirus nas residencias de maiores na comunidade autónoma de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2020 11:46:20
Nº Rexistro: 63907
Data envío: 23/04/2020 11:46:20.919

Á Mesa da Deputación Permanente

Noela Blanco Rodríguez e **Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

En Galicia, cun escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Canto máis na actualidade, fronte a crise sanitaria e social máis grave da nosa historia democrática, que afecta de maneira especial aos nosos maiores, cun dos epicentros da pandemia do COVID-19 situado nas residencias de maiores. Nestes momentos máis que nunca, unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva.

Mais a realidade é que esta crise afondou aínda máis nas consecuencias xeradas polas problemáticas habituais destes centros, dos que xa advertiu o propio Consello de Contas no seu informe publicado no ano 2017 sobre “*Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes*”, xeradas polo modelo de atención directa aos nosos maiores promocionado dende a chegada á Xunta de Galicia do señor Feijoo: privatización, escaseza de persoal, e falla de control no funcionamento dos centros privados.

Tal e como indica o propio informe, a pesares de que se incrementou o número de prazas privadas, o número de efectivos da inspección non aumentou, e os centros privados campan as súas anchas na nosa comunicade autónoma coa complicidade do goberno galego; e mesmo constata que nos casos nos que se detectaron irregularidades nestes centros, e despois de comunicalo, as deficiencias non se subsanaron, e a administración pública non impuxo ningunha sanción.

Na grave situación que estamos vivindo, que é especialmente dramática entre os nosos maiores, os centros residenciais partían dunha situación de vulnerabilidade: pola falla de prazas, polas graves deficiencias na xestión dos mesmos en especial daqueles cuxa xestión está privatizada (referidos a incumprimentos en materia de persoal, uso inadecuado das instalacións, deficiencias nos protocolos de funcionamento, falla de rigor dos rexistros...), a pesares de que estes son factores que repercuten na calidade no servizo que se presta aos residentes.

CSM-REXISTRO3awwheBO9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2020 11:46:20
Nº Registro: 63907
Data envío: 23/04/2020 11:46:20.919

Durante esta lexislatura, dende o PSdeG solicitamos en numerosas ocasións a necesidade de incrementar de maneira urxente o número de prazas en residencias de maiores de xestión pública, que se abandonara a complicitade cos centros privados que non cumpren as normas, así como dotar aos centros públicos de recursos humanos e materiais suficientes para ofrecer unha atención de calidade aos nosos maiores.

A pandemia profundou aínda máis nestas deficiencias, o que engadido ao escurantismo do Goberno galego a respecto da información sobre a situación na que se atopan estes centros, a falla de medidas preventivas para as profesionais e os usuarios e usuarias, de realización de test, e dos controis exhaustivos en centros privados, levou a moitas residencias de maiores da nosa comunidade autónoma a unha situación sanitaria de enorme gravidade.

Dende o inicio da actual situación de emerxencia sanitaria, a Fiscalía Xeral do Estado, realizou un seguimento permanente da situación das persoas da terceira idade e/ou persoas con discapacidade, e particularmente, de quen vive en centros e residencias de maiores. Para informar desta actividade, a Fiscalía emite comunicados semanais. O 21 de abril informaba en relación á situación das residencias de maiores afectadas polo COVID-19, onde se indicaba que as dilixencias civís abertas en Galicia ascendían a 11, no referente ás dilixencias de investigación penal a distribución territorial é, segundo a Fiscalía, a seguinte: Galicia 1 (Fiscalía Comunidade), 1 (Lugo), 2 (Ourense) e 1 (Pontevedra).

Estas dilixencias, abertas nas Fiscalías Provinciais e as Fiscalías das Comunidades Autónomas, teñen diversos obxectos; dun lado, recompilar datos acerca da situación nas que se atopan as residencias e as persoas aloxadas nelas, ademais de manter o seguimento da súa evolución; doutro, resolver problemas puntuais que requiran a intervención ou impulso propios do labor protector do Ministerio Fiscal neste ámbito. Tamén no marco formal das dilixencias civís, os fiscais deron resposta ás solicitudes cursadas polos responsables e traballadores e traballadoras dos establecementos, familiares de residentes, e outros cidadáns e cidadás que interesaron o auxilio do Ministerio Fiscal.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2020 11:46:20
Nº Registro: 63907
Data envío: 23/04/2020 11:46:20.919

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que conclusións extraeu a Xunta de Galicia ao analizar o resultado das inspeccións realizadas dende o comezo da crise do coronavirus, nas residencias de maiores da nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/04/2020 11:26:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2020 11:27:01



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Deputación Permanente
Día: 13.05.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2.9 64140(10/POP-007782)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 7 máis

Sobre os fondos cos que contará a Xunta de Galicia neste exercicio para xestionar o tramo autonómico das subvencións a entidades sociais con cargo ao 0,7 por cento social do imposto sobre a renda das persoas físicas

Á Mesa da Deputación Permanente

Marta Rodríguez Arias, Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Cristina Romero Fernández e Gonzalo Trénor López deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Deputación Permanente:**

Exposición de Motivos:

Un dos programas fundamentais de concesión de subvencións a entidades sociais en España é o que se fai a través dos fondos que os contribuíntes deciden asignar a tal fin ao marcar a opción de destinar o 0,7 % do IRPF a fins sociais na súa declaración da renda.

Ata o ano 2016 existía unha xestión centralizada destas axudas por parte da Administración xeral do Estado, mais en xaneiro de 2017 o Tribunal Constitucional ditaminou que correspondía ás comunidades autónomas xestionar o tramo autonómico das subvencións a entidades do terceiro sector con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF, previa transferencia dos correspondentes fondos por parte do Goberno de España.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta en Deputación Permanente:

Con que fondos contará a Xunta de Galicia neste exercicio para xestionar o tramo autonómico das subvencións a entidades sociais con cargo ao 0,7% social do IRPF?

Santiago de Compostela, a 7 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias na data 06/05/2020 20:15:07

Pedro Puy Fraga na data 06/05/2020 20:15:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 64140
Data envío: 06/05/2020 20:18:21.310**

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/05/2020 20:15:47

Paula Prado Del Río na data 06/05/2020 20:16:17

Raquel Arias Rodríguez na data 06/05/2020 20:16:38

Moisés Blanco Paradelo na data 06/05/2020 20:17:02

Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/05/2020 20:17:17

Gonzalo Trenor López na data 06/05/2020 20:17:33



CSV REXISTRO XERAL

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com